



Resolución de designación dos membros da Comisión de Preselección da undécima edición dos premios Agader ás iniciativas de desenvolvemento rural.

O artigo 11 das bases reguladoras aprobadas pola Resolución do 18 de decembro de 2019 pola que se convoca, mediante tramitación anticipada de gasto, a décimo primeira edición dos premios Agader ás iniciativas de desenvolvemento rural (DOG núm. 13, do 21 de xaneiro de 2020), prevé a posibilidade de constituir unha comisión de preselección, integrada polos membros do xurado que designe a persoa titular da Dirección Xeral da Agader, mediante resolución ditada para o efecto.

En consecuencia, e tras a conformidade manifestada por todos os membros do xurado na reunión deste do 2 de xullo de 2020, designo como membros da Comisión de Preselección da undécima edición dos premios Agader ás iniciativas de desenvolvemento rural os seguintes membros do xurado do premio:

-Alejandro Sánchez de Dios, subdirector de Mobilidade de Terras.

-Josefa Fernández Fernández, xerente do Grupo de Desenvolvemento Rural Terras de Compostela, e

-Javier Blanco Carballal, secretario do xurado.

A Comisión de Preselección exercerá as facultades que lle atribúen as bases reguladoras dos premios coa finalidade de que lle presenten unha proposta ao xurado na segunda reunión deste.

Santiago de Compostela, 2 de xullo de 2020.

O director xeral da Agader



Miguel Ángel Pérez Dubois

